

1. O orixinal:

Aos cinco meses, o bebé ten capacidade de transportar e tragar alimentos semisólidos postos na parte anterior da boca. Neste período poderase comezar cos cereais e coa froita. O leite neste tempo mantense con fórmula de inicio, no caso de que non tome materno.

A partir deste momento e ata o ano prodúcese a maduración de órganos e sistemas, cunha **melloría** da secreción gástrica e pancreática, así como a mobilidade intestinal e a resposta inmunolóxica.

Nos nenos alérxicos, a partir dos cinco meses comezase cos distintos alimentos, pero de forma máis lenta ca a habitual e atrasaranse moito os alimentos máis susceptibles de producir alerxias, tales como o ovo, peixe e algunhas verduras. Só a partir dos dous anos o meniño alérxico terá unha dieta semellante á das nenas e nenos da súa mesma idade.

Antonio Beláustegui. *Guía da nutrición infantil* (adaptado)

+ Outra posibilidade:

Aos cinco meses, o bebé ten capacidade de transportar e tragar alimentos semisólidos postos na parte anterior da boca. **Por iso**, neste período poderase comezar cos cereais e a froita. **Neste tempo** o leite mantense con fórmula de inicio, no caso de que non tome materno.

A partir de aí e ata o ano, prodúcese a maduración de órganos e sistemas, cunha **ampliación** da secreción gástrica e pancreática, así como **da** mobilidade intestinal e **da** resposta inmunolóxica.

No caso das crianzas alérxicas, a partir dos cinco meses comezase cos distintos alimentos, pero de forma máis lenta ca a habitual. **Tamén** se atrasarán moito os alimentos máis susceptibles de producir alerxias, tales como o ovo, **o** peixe e algunhas verduras. Só a partir dos dous anos o meniño alérxico terá unha dieta semellante á **dos da** súa idade.

2.

Un exemplo da falsa idea que se ten da homoxeneidade das linguas xorde cando aprendemos calquera idioma do mundo. É habitual que se pense que, ~~por exemplo~~, / **por poñer un caso**, ... o 'inglés' é exclusivamente o que nos ensinan no colexio ou nunha academia; **en realidade**, / **de feito**, ... nesta situación estannos aprendendo un dos moitos ingleses que hai; **neste caso**, / **en concreto**, ... trátase da variante formal de Oxford. Fixádevos que cando se fai mención a algunha característica do inglés americano, márcase como tal; **mais**, **porén**, ... é o inglés dos rapeiros de Nova York ou o dos surfeiros da Costa Oeste? **Por tanto**, **Daquela**, ... o emisor debe escoller, dentro da variante diacrónica, entre o rexistro formal e o informal, entre a variante dialectal propia e a estándar, entre as diferentes xergas ou tecnolectos que domine, etc.

3.

Manuel Colmeiro **sítuase** pola súa obra de pintor entre os artistas máis significativos de España. **Del** coñecemos xa algúns sorprendentes exemplos de gravados que acreditan a graza con que sabe axustar o seu oficio ás demandas do espírito. **E / Xustamente...** presenta agora unha serie destes gravados a punta seca onde culmina unha firme e louzanísima arte de **tallador** e a sensibilidade e imaxinación peculiares que desprega no xénero. **Ademais, revitaliza** tamén algúns dos valores (os compatibles co gravado) que tanto nos encantan na fonda madurez da súa pintura.